

JFK: CASO REVISADO

Oliver Stone, 2021

935

ESTREA EN NUMAX: 20.05.2022 | V.O.S.E. | TP | 115 min

Trinta anos despois do seu filme 'JFK', Oliver Stone regresa ao asasinato do presidente John F. Kennedy. Mostra novas probas e testemuños recentemente desclasificados sobre un dos asasinatos máis misteriosos da historia estadounidense. Acompañado polos narradores Whoopi Goldberg e Donald Sutherland, así como por un distinguido equipo de forenses, expertos en medicina e balística, historiadores e testemuñas, o director presenta probas convincentes de que no caso Kennedy a 'teoría da conspiración' é agora un 'feito conspirativo'.

«desmonta a versión oficial do asasinato de JFK cos documentos gubernamentais desclasificados (...)

Un espléndido documental»

Gregorio Belinchón, EL PAÍS



Entrevista con Oliver Stone: «John Kennedy tiña un toque popular como Roosevelt»

Por Quim Casas

Que se segue a pensar hoxe sobre o asasinato de Kennedy? Hai xente que pensa que como non sabemos o que realmente sucedeu iso xa demostra que non houbo conspiración. Pero hai tantas probas, tantas cousas que se demostraron que son erróneas no caso que resulta imposible negar a realidade. Hai pistas por todas partes, nas balas, en Lee Harvey Oswald, no que fixo a CIA; na historia de Jack Ruby e as súas conexións co FBI, na evidencia de que houbo outro asasinato, na posibilidade de atentar contra Castro para mudar o réxime cubano, na industria armamentística. Hai moitísimas cousas relacionadas co asasinato, pero nada de todo iso foi investigado.

Por que amolaba tanto Kennedy até o punto de organizar o seu asasinato? En calquera lugar do mundo onde mires houbo intervención americana, en Nicaragua, El Salvador, Guatemala, Brasil, Vietnam. É moi importante o que fixo Kennedy. A Pax americana. Quería cortar a cadea de intervencións e crimes, mudar a política exterior e a imaxe imperialista que se tiña dos Estados Unidos, estableceu moi boas relacións con gobernantes de África, Oriente Medio, Indonesia.

Pensa que os estadounidenses poden acabar esquecéndoo? Non, para nada. A proba está nos memoriais, aeroportos. John Kennedy tiña algo particular, unhas sólidas raíces democráticas. Tiña un toque popular como Roosevelt.

Vostede estivo implicado en dous documentais sobre a crise en Ucraína, *Ukraine on Fire* e *Revealing Ukraine*. Si, fun un dos produtores. Dirixiunos moi ben Igor Lopatonok. Demos voz a moita xente, tamén á etnia rusa que vive en Ucraína, que en certo xeito foi discriminada. Ucraína tivo distintos gobernos electos, pero iso non que dicir que non haxa corrupción. En Ucraína masacráronse xudeus e xitanos. No actual conflito, os interese volven ser económicos e armamentísticos. Aos Estados Unidos dálles igual Ucraína, o que queren é controlar a guerra, controlar as armas, é a súa pugna con Rusia.

Como foi recibida *JFK: Caso revisado* no seu país? Oficialmente non foi benvida. Extraoficialmente si.

A política é o que máis lle interesa? Eu fago filmes e a política é un bo drama. Vietnam, Wall Street, o asasinato de Kennedy son todos temas complexos e dramáticos.

Publicado en epe.es



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

J. F. Kennedy,
Robert Dellek.
Ariel, 2018